

## COMUNICADO Nº 238/22 24 de Outubro de 2022

### ❑ **BEN FEITO NA GALICIA, NORABOA:**

Os froitos deportivos estanse a dar na Galicia e así conseguíuse na tempada de 2022 os seguintes galardóns:

Campión da Copa de España de Rallyes (CERA)

**D. Victor Senra**

Sub-Campión da Copa de España de Rallyes (CERA)

**D. Jorge Pérez**

Sub-Campión do Campionato de Europa de Rallyes (ERC)

**D. Javier Pardo**

Campión de Europa Junior Carcross

**D. Miguel Gayoso**

### ❑ **CONTROIS HORARIOS NOVA IMPLANTACIÓN:**

A partir do 2º Rallye Ria de Arousa 2022, **se implantarán os controis horarios “online”**, así como os de parques e reagrupamentos, co novo sistema de cronometraxe que implantou a Federación nesta tempada na modalidade de Rallyes de Asfalto.

Por elo a Federación adquire e amplía o equipamento para ser, de novo, os pioneiros no C.H. “online” na Península Ibérica e no eido dos medios e dos equipos de cronometraxe.

### ❑ **COMISIÓN DE MONTAÑA (AMPLIACIÓN):**

#### **AGR 7: TURISMOS MONOSCASCO (-1.600 c.c.) (CAMPEONATO DE GALICIA INDIVIDUAL)**

Provintes do grupo N ou A (F.I.A.), ou X (F.G.A.), ata 1.600 c.c.

Os premios serán abonados polos patrocinadores da “1ª Copa JP Selection Cars / Servifrei”. A Federación Galega de Automobilismo; previa presentación de factura e abono transferiránse os gañadores, mediante transferencia bancaria, estando afectados no seu caso pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do I.R.P.F.

	<b>AGR. 7</b>
1º	600 €
2º	300 €
3º	200 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.100€</b>
<b>TOTAL POLAS 6 PROBAS</b>	<b>6.600€</b>